



ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A FORMACIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS DE TÉCNICO/A MEDIO/A DE XESTIÓN, RESOLUCIÓN DA ALEGACIÓN Á VALORACIÓN DOS MÉRITOS DO CONCURSO E CUALIFICACIÓN DEFINITIVA DO PROCESO SELECTIVO.

PRESENTACIÓN DA ALEGACIÓN. En data 29/11/18 Vanesa Prado Miguélez presenta reclamación solicitando a revisión dos méritos presentados alegando que non se lle valoraron 0,5 puntos correspondentes á formación académica, ó abeiro do establecido no artigo 5.2 das bases, por presentación de título universitario superior.

ACORDO. O tribunal cualificador despois de estudar a alegación presentada e ó abeiro do disposto no artigo 5.2.A) das bases da convocatoria que establecen que *b) Titulación universitaria superior: 0,5 puntos. Para a valoración dunha titulación neste apartado deberá achegarse, ademais da titulación que se pretende valorar, aquela que se require como requisito de acceso. De non proceder desta forma non se lle outorgará ningunha puntuación neste apartado, acorda:*

Único. - Desestimar a reclamación presentada pola aspirante, toda vez que a titulación universitaria superior (Licenciatura en Dereito) non se valora como mérito por ser a titulación de acceso, xa que a outra titulación que posúe (Técnico superior en prevención de riscos laborais) non pode ser considerada nin como titulación universitaria superior nin como requisito para optar ó proceso selectivo.

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA DO PROCESO SELECTIVO. Resolta a alegación presentada, a puntuación total das aspirantes que superaron o proceso selectivo para a elaboración da lista de reserva é a seguinte:

APELIDOS E NOME	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	3º EXERCICIO	CONCURSO	TOTAL
VANESA PRADO MIGUÉLEZ	10	0,775	APTA	2,00	12,775
MARÍA PILAR RIVEIRO RODRÍGUEZ	13	0,615	APTA	3,30	16,915

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.- En consecuencia o Tribunal Cualificador eleva á Concellería responsable da Area de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio a proposta de resolución coa puntuación definitiva das aspirantes que integrarán a lista de reserva para a provisión interina de prazas de técnico/a medio/a de xestión, con especificación das puntuacións obtidas en cada un dos exercicios da fase de oposición e do concurso, confeccionada por orde de maior a menor puntuación, que é a seguinte:

APELIDOS E NOME	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	3º EXERCICIO	CONCURSO	TOTAL
MARÍA PILAR RIVEIRO RODRÍGUEZ	13	0,615	APTA	3,30	16,915
VANESA PRADO MIGUÉLEZ	10	0,775	APTA	2,00	12,775

RÉXIME DE RECURSOS: Sen prexuízo das alegacións ou solicitudes que os/as aspirantes consideren oportunas realizar, contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas.

Non obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

PUBLICACIÓN DO RESULTADO. O tribunal dispón que pola secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra sito na rúa Michelena nº 30 baixo e de forma complementaria se publique na sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal) o acordo sobre a reclamación presentada e a proposta de resolución coa cualificación definitiva do proceso selectivo.

Documento asinado electronicamente pola secretaria do Tribunal, en Pontevedra, na data indicada na sinatura electrónica que consta na marxe inferior deste anuncio.

